

**MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**IESP DE AMES**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

Tendo en conta a publicación da Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Lingua e literatura galega procede a establecer as modificacións precisas nas súas programacións co fin de darlle cumprimento.

Neste documento recóllense as modificacións das seguintes materias:

- LINGUA GALEGA E LITERATURA.
- IGUALDADE DE XÉNERO. 2º ESO.
- LINGUA PORTUGUESA. 4º ESO.
- LINGUA PORTUGUESA. 1º BACH.

## 2. LINGUA GALEGA E LITERATURA.

Modifícase o punto 7.3, **PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**, e quedan sen efecto os apartados **Avaliación ordinaria** e **Avaliación extraordinaria** en todos os niveis.

Ao abeiro da nova lexislación, o Departamento resolve o sinalado a continuación.

### 2.1. 1º BACHARELATO.

De acordo coa Orde de 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma, **en cada avaliación** as persoas que non aproban teñen oportunidade de recuperala mediante unha proba escrita ou outras actividades. Ás cualificacións obtidas nelas, súmanselles as que tiñan nos demais parámetros e vólvese calcular a nota desa avaliación.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, sempre que teña como mínimo un 4 en cada unha delas. Entenderase que unha alumna/o superou a materia cando teña unha media igual ou superior a 5 puntos (utilizando o redondeo matemático).

No período comprendido entre a avaliación ordinaria de xuño e a avaliación extraordinaria, o **alumnado coa materia aprobada** realizará actividades de ampliación ou reforzo non avaliábeles.

**As persoas que non superaron a materia** realizarán actividades de recuperación que lles permitan mellorar as cualificacións nos parámetros ou bloques de contido en que as teñan máis baixas e recalcularáselles a nota final. En calquera caso, e a teor do artigo 13.4 da Orde de 25 de xaneiro de 2022, todo o alumnado suspenso na avaliación ordinaria terá dereito a realizar unha proba extraordinaria, que será obrigatoria para os que non aprobaron coas actividades de recuperación, e voluntaria para os demais.

### 2.2. SEGUNDO DE BACHARELATO.

Conforme ao artigo 13.6 da *Orde de 25 de xaneiro*, “No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias”.

No seu cumprimento, o alumnado coa avaliación final ordinaria aprobada realizará actividades destinadas á preparación das probas ABAU.

Por outra banda, o alumnado que non superase a avaliación final ordinaria seguirá un programa de reforzo encamiñado a preparar as probas extraordinarias. Estas probas, consonte a Disposición derradeira primeira da *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, realizaranse entre o 20 e o 22 de xuño de 2022 seguindo o calendario establecido pola Xefatura do centro.

A avaliación extraordinaria consistirá nunha proba que incluíra toda a materia do curso, seguindo o modelo de exame da ABAU, e a súa valoración será de 1 a 10. A cualificación final do alumnado que realice esta proba será a nota obtida nela e, para superala, deberá acadar 5 puntos.

### 2.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

De acordo coa Orde de 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma, **en cada avaliación** as persoas que non aproban teñen oportunidade de recuperala mediante unha proba escrita ou outras actividades. Ás cualificacións obtidas nelas, súmanselles as que tiñan nos demais parámetros e vólvese calcular a nota desa avaliación.

Realizada a sesión da terceira avaliación parcial, acharase a cualificación final do alumnado, que será a media aritmética das tres avaliacións parciais, sempre que teña como mínimo un 4 en cada unha delas. Entenderase que unha alumna/o superou a materia cando teña unha media igual ou superior a 5 puntos (utilizando o redondeo matemático).

De acordo co artigo 7.8 da Orde de 25 de xaneiro de 2022, no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación segundo os casos:

- O **alumnado coa materia aprobada** realizará actividades de reforzo e/ou ampliación que lle permitan mellorar a súa cualificación ata 0,5 puntos na avaliación final, que en ningún caso empeorará.
- O **alumnado coa materia suspensa** realizará actividades de recuperación (exercicios, probas de oralidade, lecturas, probas escritas...) que lle permitan subir a cualificación nos parámetros ou bloques de contido en que a teñan máis baixa e volverá a calcularse a nota final. Para superar a materia na avaliación final definitiva, a/o alumna/o deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Para as persoas de 1º, 2º e 3º ESO que non superen esta materia pero promocionen de curso deseñárase, dentro da programación do curso seguinte, un plan de reforzo que lle permita recuperar e superala.

### 3. IGUALDADE DE XÉNERO. 2º ESO.

Queda anulado o epígrafe “**Promoción do alumnado**” do punto **6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado** da *Programación didáctica* da materia, que se substituirá polo que a continuación se expón.

De acordo coa Orde de 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma, en cada avaliación as persoas que non aproban teñen oportunidade de recuperala mediante a realización de traballos e exercicios de reflexión crítica sobre os contidos da materia. Aquelas persoas que non entreguen o diario de aula ao remate de cada trimestre nin realicen o traballo de investigación e/ou o control de lectura obrigatoria, non superarán a avaliación correspondente.

Realizada a sesión da terceira avaliación parcial, acharase a cualificación final do alumnado, que será a media aritmética das tres avaliacións parciais, sempre que teña como mínimo un 3 en cada unha delas. Entenderase que unha alumna/o superou a materia cando teña unha media igual ou superior a 5 puntos (utilizando o redondeo matemático).

De acordo co artigo 7.8 da Orde de 25 de xaneiro de 2022, no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación segundo os casos:

- O alumnado coa materia aprobada realizará actividades de reforzo e/ou ampliación que lle permitan mellorar a súa cualificación na avaliación final, que en ningún caso empeorará.  
Poderán realizar lecturas optativas sobre Igualdade de Xénero ou traballos de investigación sobre feminismo. Tamén se organizarán actividades grupais de reflexión sobre os contidos da materia. Por último, contéplase o visionado de películas de ficción e documentais que axuden a reforzar os contidos tratados durante o curso.  
O conxunto destas actividades poden axudar a subir nota ata 0,5 puntos.
- O alumnado coa materia suspensa realizará actividades de recuperación consistentes en:
  - lectura de libros relacionados coa materia
  - traballos de investigación sobre igualdade e feminismo
  - actividades prácticas de reflexión sobre a igualdade de xénero na contorna familiar e social máis próxima
  - traballos de reflexión a partir de películas e documentais relacionados coa Igualdade de Xénero
  - exercicios prácticos sobre conceptos básicos da materia

Para superar a materia na avaliación final definitiva, a/o alumna/o deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto das actividades de recuperación. Para as persoas de 2º ESO que non superen esta materia pero promocionen de curso deseñárase, dentro da programación do curso seguinte, un plan de reforzo que lle permita recuperar e superala.

#### **4. LINGUA PORTUGUESA. 4º ESO.**

De acordo coa Orde de 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma, **en cada avaliación** as persoas que non aproban teñen oportunidade de recuperala mediante unha proba escrita ou outras actividades. Ás cualificacións obtidas nelas, súmanselles as que tiñan nos demais parámetros e vólvese calcular a nota desa avaliación.

Realizada a sesión da terceira avaliación parcial, acharase a cualificación final do alumnado, que será a media aritmética das tres avaliacións parciais, sempre que teña como mínimo un 4 en cada unha delas. Entenderase que unha alumna/o superou a materia cando teña unha media igual ou superior a 5 puntos (utilizando o redondeo matemático).

De acordo co artigo 7.8 da Orde de 25 de xaneiro de 2022, no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación segundo os casos:

- O **alumnado coa materia aprobada** realizará actividades de reforzo e/ou ampliación que lle permitan mellorar a súa cualificación ata 0,5 puntos na avaliación final, que en ningún caso empeorará.  
O **alumnado coa materia suspensa** realizará actividades de recuperación que lle permitan acadar os mínimos esixibles que figuran na *Programación Didáctica* da materia no seu punto 6. Para superar a materia na avaliación final definitiva, a/o alumna/o deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5

puntos. Para as persoas que non superen esta materia pero promocionen de curso deseñárase, dentro da programación do curso seguinte, un plan de reforzo que lle permita recuperar e superala.

## **5. LINGUA PORTUGUESA. 1º BACHARELATO.**

Nesta materia, e para este nivel, mantense o sinalado no **punto 7.3 Avaliación final e extraordinaria**, que se realizarán nas datas e prazos marcados pola Disposición adicional primeira da Orde de 25 de xaneiro de 2022.

A teor da mesma Orde, entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o **alumnado coa materia aprobada** realizará actividades de ampliación ou reforzo non avaliábeis.

**As persoas que non superaron a materia** realizarán actividades de recuperación que lles permitan mellorar as cualificacións nos bloques de estándares en que as teñan máis baixas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita) e volverá calcularse a nota final. En calquera caso, e de acordo co artigo 13.4, todo o alumnado suspenso na avaliación ordinaria terá dereito a realizar a proba extraordinaria, que será obrigatoria para os que non aprobaron coas actividades de recuperación, e voluntaria para os demais.

O alumnado que promocióne ao segundo curso de Bacharelato coa materia suspensa seguirá un plan de recuperación que figurará na Programación didáctica do curso seguinte.

Ames, 8 de abril de 2022

Anxo Brea Hernández

M<sup>a</sup> Xesús García Otero

Alfonso Villar Agra

Carlos Negro Romero

Rita Molinos Castro

Inés Verán Pais

Manuel X. Xiráldez González

Helena Campos López

M<sup>a</sup> Concepción Leal Gómez